



**CONCELLO DA PASTORIZA (LUGO)**

Praza de Galicia, n.º 1 - C. P. 27287

Tel. 982 33 21 97 - Fax 982 33 22 33

e-mail: [administracion@concellodapastoriza.es](mailto:administracion@concellodapastoriza.es)

## BANDO

Don Primitivo IglesiasSierra, Alcalde do Concello da Pastoriza, en cumprimento do establecido no artigo 21)1.e da Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local,

### FAI SABER QUE:

O Concello da Pastoriza quere comunicar á súa veciñanza as medidas a adoptar para a prevención do Coronavirus (COVID-19) no municipio.

. A atención ao público nas dependencias municipais limitarase aos casos de extrema necesidade, chamando con anterioridade para verificar dita necesidade da presenza do veciño ou veciña.

. Outros métodos de xestión a distancia son a telemática, entrando na páxina web: [web.www.concellodapastoriza.es](http://web.www.concellodapastoriza.es), sede electrónica: [apastoriza.sedelectronica.gal](http://apastoriza.sedelectronica.gal); por vía telefónica, chamando ao teléfono 982332197; ou por correo electrónico: [administracion@concellodapastoriza.es](mailto:administracion@concellodapastoriza.es).

. A partir do 14 de marzo todas as actividades municipais, deportivas e culturais quedan suspendidas durante os vindeiros 15 días, quedando condicionada esta suspensión a como vaia evolucionando a situación.

. Recoméndase ás asociacións e outras entidades do Concello que eviten aglomeracións durante, polo menos, os vindeiros 15 días.

. Recoméndase non facer viaxes e desprazamentos que non se consideren imprescindibles, evitando zonas onde se sospeite que poida haber concentración do virus.

. Recoméndase non ir aos centros médicos, exceptuando casos de extrema necesidade.

. Recoméndase á veciñanza que lave con frecuencia as mans e a cara con auga e xabón, e evite contacto físico con outras persoas.

. Recoméndase que se sigan as instrucións ditadas polo Ministerio de Sanidade e a Consellería de Sanidade.

**NO CASO DE NOTAR ALGÚN SÍNTOMA, CONTACTAR CO TELÉFONO 900400116**

O que se fai público para o seu coñecemento e o cumprimento.



A Pastoriza, 13 de marzo de 2020

O Alcalde,

Asdo. Primitivo Iglesias Sierra